

Mínimos esixibles para superar a materia

- As orixes de Roma e da súa lingua o latín.
- O latín, lingua flexiva. Grupo de linguas indoeuropeas.
- As linguas romances.
- Flexión nominal: as 5 declinacións.
- Flexión verbal: o verbo sum e as 4 conxugacións .
- A oración simple. A sintaxe dos casos.
- Os pronomes persoais.
- Os pronomes-adxectivos posesivos.
- Os pronomes-adxectivos demostrativos.
- Os numerais.
- A oración composta coordinada.
- Etapas históricas de Roma, formas de goberno.
- A relixión
- A familia romana
- O ocio
- O calendario romano: nomes dos meses e dos días.
- Os edificios públicos
- Cultismos e semicultismos no galego e no castelán.
- Locucións latinas de uso actual.
- Saber analizar e traducir textos de contido similar aos realizados na clase con aplicación práctica dos elementos morfolóxicos e sintácticos xa mencionados.

Criterios de avaliación

1.- Identificar en textos traducidos de autores clásicos e modernos aspectos históricos ou culturais. Este criterio pretende verificar a capacidade de comprender o contido dun texto, identificar acontecementos, personaxes e aspectos da civilización romana, e relacionar os datos do texto con referentes actuais.

2.- Distinguir nas diversas manifestacións literarias e artísticas de todos os tempos a mitoloxía clásica como fonte de inspiración e recoñecer no patrimonio arqueolóxico as pegada da romanización. Este criterio trata de comprobar se se identifican os principais elementos da mitoloxía clásica e o patrimonio arqueolóxico romano en diversos contextos expresivos, textos literarios e iconografía de calquera tipo, se se

comprende o seu significado específico e se advirte o seu valor como fonte de inspiración.

3.- Aplicar as regras básicas de evolución fonética a étimos latinos que dean orixe a termos romances do vocabulario habitual e establecer a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade para utilizar os mecanismos de evolución fonética e analizar as diferenzas de significado entre palabras dunha mesma orixe.

4.- Identificar compoñentes de orixe grecolatina en palabras da linguaxe cotiá e no vocabulario específico das ciencias e da técnica, e explicar o seu sentido etimolóxico. Este criterio trata de comprobar a capacidade de recoñecer os formantes gregos e latinos en diferentes contextos lingüísticos e producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos.

5.- Recoñecer latinismos e locucións usuais de orixe latina incorporadas ás linguas coñecidas polo alumno e explicar o seu significado en expresións orais e escritas. Este criterio pretende verificar se o alumnado identifica e comprende as expresións latinas integradas nas linguas modernas e se é capaz de utilizalas de xeito coherente.

6.- Recoñecer os elementos morfolóxicos e as estruturas sintácticas elementais da lingua latina e comparalos cos da propia lingua. Con este criterio trátase de constatar a comprensión do funcionamento básico da lingua latina e a capacidade de establecer analogías e diferenzas con elementos e estruturas propias da súa propia lingua.

7.- Traducir textos breves e sinxelos e producir, mediante retroversión, oracións simples utilizando as estruturas propias da lingua latina. Este criterio intenta comprobar se as alumnas e os alumnos asimilaron as estruturas morfolóxicas e sintácticas elementais da lingua latina e se son capaces de recoñecelas para realizaren traducións directas ou inversas de textos elaborados de escasa dificultade.

8.- Manexar recursos que lle permitan ao alumnado elaborar un traballo temático sinxelo sobre calquera aspecto da produción artística e técnica, a historia, as institucións, ou a vida cotiá en Roma. Este criterio quere comprobar se o alumnado é quen de buscar información en fontes e formatos diversos, selecciónala, organizala e, despois da elaboración dun texto, expresala con orde, coherencia e cohesión.

Procedementos de avaliación.

O alumno/a será avaliado/a aplicando os seguintes procedementos:

- Observación directa na aula. (Terase en conta o interese, a colaboración, o comportamento, o hábito de traballo, e a actitude con respecto á materia, aos compañeiros e aos profesores.)

- Libreta. (Poderá ser recollida en calquera momento para comprobar se o alumno realizou as actividades , con orde e limpeza.)
- Probas escritas. (Realizaranse varias probas escritas por avaliación , coa posibilidade de facer unha de final de curso. Poderán ser tests, traballos, etc.)
- Exposicións orais

Obterán o aprobado aqueles alumnos/as que acaden un 5 sobre 10 como nota media entre os distintos apartados.

Instrumentos de avaliación

Realizaranse **dúas probas escritas por cada trimestre** ou avaliación que inclúan os contidos

senalados na programación pero ademais na 2ª entrarán os contidos da 1ª e na 3ª os contidos das dúas anteriores.

As probas escritas incluírán os contidos de lingua e literatura vistos na clase: morfoloxía, sintaxe, léxico, tradución ...

Os alumnos tamén terán que facer algún traballo de investigación ou busca de información para ser exposto en clase.

A observación na aula será tamén un instrumento de avaliación: o alumno deberá realizar as tarefas encomendadas tanto na clase como para casa; terase en conta tamén a libreta, a participación na aula e o comportamento e interese.

Criterios de cualificación

As probas escritas constituirán un total do 80% da puntuación total. O 20% restante corresponderalle á realización de exercicios e traballos obrigatorios de clase así como a actitude do alumno/-a.

A cualificación final será a resultante de dividir entre 3 a suma das notas das tres avaliacións máis a porcentaxe dos traballos e actitude ao longo do curso.

Por tratarse de avaliación contínua a nota final non poderá ser inferior a cinco puntos, aínda que se terá en conta o esforzo do alumno e a súa evolución ao longo do curso.

Proba extraordinaria de setembro

Cando o alumno/-a non acade a puntuación mínima esixida para aprobar terá a opción de presentarse á proba extraordinaria de setembro, escrita, con contido teórico e práctico.

Esta cualificarase cun total de 10 puntos.